

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Maio 2023


Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2023

Índice de producción industrial (IPI). Maio 2023

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en maio de 2023 un incremento do 5,6% con respecto a maio de 2022 en España o incremento foi do 0,2%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 2,5%, os bens de equipo un 12,5% e os bens intermedios un 5,4%. Pola súa parte, a enerxía aumentou un 1,0%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden á “fabricación de vehículos de motor”, que achega 2,8 puntos e á “confección de roupa de vestir”, que engade 2,5 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: a “industria da alimentación”, que resta 1,4 puntos, a “industria da madeira e da cortiza”, cunha repercusión de -1,2 puntos e a “metalurxia”, que resta 1,1 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Maio 2023

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %



	Índice	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	114,5	5,6	6,2
Bens de consumo	149,3	2,5	0,4
Bens de equipo	117,5	12,5	16,2
Bens intermedios	128,1	5,4	-3,5
Enerxía	68,4	1,0	18,2

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en maio de 2023 un incremento do 5,6% con respecto a maio de 2022; en España o aumento foi do 0,2%.

Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 2,5%, os bens de equipo un 12,5% e os bens intermedios un 5,4%. Pola súa parte, a enerxía aumentou un 1,0%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os bens de consumo presentan un crecemento do 2,5%, e achegan 0,8 puntos a taxa interanual.
- Os bens de equipo rexistran unha taxa do 12,5% e suman 3,1 puntos á taxa interanual.
- Os bens intermedios aumentan un 5,4%, cunha repercusión de 1,5 puntos.
- Por último, a enerxía, que crece un 1,0%, achegando 0,2 puntos á taxa de variación interanual do total.

Comparando cos crecementos interanuais de abril de 2023, por destino económico, os bens de consumo melloran 6,9 puntos, os bens de equipo 3,0 puntos, os bens intermedios 11,9 puntos e a enerxía 11,0 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


Atendendo ás distintas ramas industriais o crecemento interanual en maio do 5,6% débese principalmente ás achegas positivas (10,5 puntos) de quince ramas. As principais foron: a "fabricación de vehículos de motor", que achega 2,8 puntos, e a "confección de roupa de vestir", que engade 2,5 puntos a taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas (-5,0 puntos) de once ramas, as principais foron: a "industria da alimentación", que resta 1,4 puntos, a "industria da madeira e da cortiza", cunha repercusión de -1,2 puntos e a "metalurxia", que resta 1,1 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de maio moveuse entre o 8,0% de Canarias e o -16,4% de Extremadura. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Canarias (7,3%), Aragón (5,8%), Galicia (5,6%), Madrid (4,1%), Illes Balears (3,5%), Castilla – La Mancha (1,9%), Andalucía (0,7%) e Navarra (0,6%).


IPI Maio 2023
Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores incrementos rexístranse en Canarias (6,4%) e Galicia (6,2%). As comunidades con maiores descensos son Murcia (-8,8%) e Asturias (-3,7%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Maio 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	114,5	5,6	6,2	--	--
Bens de consumo	149,3	2,5	0,4	0,8	0,1
Bens de equipo	117,5	12,5	16,2	3,1	3,8
Bens intermedios	128,1	5,4	-3,5	1,5	-1,0
Enerxía	68,4	1,0	18,2	0,2	3,3
España					
Xeral	113,0	0,2	0,6	--	--
Bens de consumo	118,0	2,7	1,2	0,7	0,3
Bens de equipo	124,4	8,1	6,9	1,8	1,5
Bens intermedios	116,7	-4,3	-2,9	-1,4	-0,9
Enerxía	90,2	-5,0	-1,8	-0,9	-0,4

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Maio 2023

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	5,6		6,2		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	21,3	2,8	30,9	3,6	13,1
Confección de roupa de vestir	35,1	2,5	12,0	0,9	4,1
Outras industrias extractivas	112,3	1,6	115,6	1,3	1,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	43,9	1,1	18,5	0,5	2,5
Reparación e instalación de maquinaria e	18,7	0,5	8,9	0,2	4,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	33,3	0,4	19,8	0,2	1,4
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	13,4	0,4	-0,9	0,0	2,0
Fabricación de bebidas	7,0	0,3	10,4	0,4	3,5
Fabricación doutro material de transporte	25,6	0,2	14,7	0,1	2,0
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1,8	0,2	24,3	3,3	22,3
Industria téxtil	12,7	0,1	3,0	0,0	0,6
Industria do papel	0,5	0,0	-3,1	-0,1	2,2
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-1,6	-0,1	0,6	0,0	2,6
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-1,4	-0,1	-3,2	-0,3	7,7
Outras industrias manufactureiras	-17,6	-0,1	-13,3	-0,1	0,5
Fabricación de mobles	-11,5	-0,3	1,8	0,0	1,1
Industria química	-15,7	-0,3	-6,1	-0,1	1,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-25,9	-1,1	-30,1	-1,3	5,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-19,9	-1,2	-25,0	-1,7	3,6
Industria da alimentación	-8,8	-1,4	-5,2	-0,8	13,2
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Maio 2023

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
España	113,0	0,2	0,6
Galicia	114,5	5,6	6,2
Andalucía	99,0	0,7	-1,3
Aragón	125,1	5,8	1,2
Asturias	102,6	-3,9	-3,7
Baleares (Illes)	94,9	3,5	0,0
Canarias	98,8	7,3	6,4
Cantabria	118,5	-5,4	-2,6
Castilla - La Mancha	111,6	1,9	3,6
Castilla y León	103,3	8,0	5,3
Cataluña	114,8	-0,7	-0,8
Comunitat Valenciana	116,0	-3,6	-0,9
Extremadura	99,6	-16,4	-0,5
Madrid	119,6	4,1	5,2
Murcia	115,3	-6,2	-8,8
Navarra	123,3	0,6	-2,3
Pais Vasco	116,5	-3,2	-0,8
Rioja (La)	90,2	-4,9	-3,6

Fonte:INE